



*Resolución do de xullo de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre profesorado de relixión que presta servizos nos centros educativos dependentes desta consellería, convocado pola Orde do 25 de novembro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 250, do 14 de decembro).*

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse o concurso de traslados entre profesorado de relixión.

Consideradas as reclamacións e renuncias producidas na resolución provisional e de conformidade co establecido na base décimo sétima da dita Orde do 25 de novembro de 2020, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

### RESOLVE

Primeiro. Facer pública no Anexo I desta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos polo profesorado de relixión dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do nivel educativo de educación infantil e primaria.

Segundo. Facer pública no Anexo II desta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos polo profesorado de relixión dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do nivel educativo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Terceiro. A toma de posesión dos destinos obtidos neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2021 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ante a persoal titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

INSÍRASE NO DOG

